

54

- ● ● ● ● EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ● EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ● ● CREATIVIDADE
- ● ● ● ● VOCABULARIO
- ● ● ● ● ESCOITA ACTIVA
- ● ● ● ● TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ● ● DIFICULTADE

8 ou máis participantes  
15 minutos

Narración

Atención. Comunicación

## PAXAROS NO AR

### MATERIAIS

Non precisa materiais.

### ESPAZO

Espazo para sentar en roda.

### DESCRIPCIÓN

As persoas sentan en roda e unha voz vai narrando unha historia. Cada vez que a persoa que narra menciona o nome dun paxaro, os xogadores deben erguer a man dereita e facela fluctuar, imitando un paxaro a voar. Se menciona un grupo de paxaros, vócase coas dúas mans. Se menciona un animal que non voa, deben quedar inmóbiles, mans nos xeonllos.

Exemplo: “Esta mañá levanteime cedo. O día estaba magnífico. O sol primaveral animaba a natureza toda e os paxaros (dúas mans) cantaban sen cesar. Ao abrir a xanela do cuarto, un pardal (man dereita), entrou na casa e fixo tolerar o gato (mans nos xeonllos) . O papagaio (man dereita) que estaba no xardín de inverno irritouse coas carreiras do gato (mans nos xeonllos) e púxose a berrar, asustando os canarios (dúas mans), que tranquilamente cantaban nas súas gaiolas. O pardal (man dereita) acabou saíndo pola xanela pola que entrou, deixando o gato (mans nos xeonllos) tranquilo, que foi brincar cos seus gatiños (mans nos xeonllos) xa resignado coa perda do pardal (man dereita) que por un momento soñara almorzar. Logo foron acalmado o papagaio (man dereita) e mailos canarios (dúas mans). Continuaba a contemplar a natureza, cando observei que se achegaba un paporrubio a unha maceta con lindas flores. Pensei que a festa ía comezar de novo... mais o gato (mans nos xeonllos) felizmente daquela estaba concentrado brincando cos gatiños (mans nos xeonllos) e non se percatou da chegada do paporrubio. O papagaio (man dereita) divertíase cunha argola pendurada na súa gaiola e os canarios (dúas mans) cantarolaban mais tranquilamente, saudando o lindo día que comezaba...”

